



# Normalización da vacinación en Galicia

## adaptándose á reactivación asistencial polo Covid-19

O 17 de marzo de 2020 publicouse unha nota sobre a priorización da vacinación en Galicia na situación de emerxencia polo COVID 19, recomendando que a pesar da situación de alarma que se estaba a vivir, se mantivera de forma prioritaria a vacinación dos nenos ata os 15 meses de idade, a das embarazadas e a das poboacións de risco elevado.

Ao longo dos meses de marzo e abril de 2020 observouse un descenso no número de vacinas administradas destas consideradas prioritarias, feito derivado das medidas excepcionais como consecuencia da pandemia. Aínda que en Galicia este descenso non é tan marcado como noutras CCAA, este feito xunto co atraso na administración doutras vacinas de calendario pode incrementar a susceptibilidade da nosa poboación a determinadas enfermidades inmunoprevibles, ata o de agora controladas, e poñer en risco a saúde das persoas.

Dado que nestes momentos nos atopamos en fase de reactivación asistencial e que o sistema sanitario comeza a recuperar actividades, tal e como se reflicte no “Plan de reactivación asistencial en atención primaria en relación coa infección polo SARS-CoV-2” ([https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/329/Plan%20reactivaci%C3%B3n%20asistencial%20AP%20V40\\_7.pdf](https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/329/Plan%20reactivaci%C3%B3n%20asistencial%20AP%20V40_7.pdf)) na nosa comunidade, reactivanse progresivamente as actividades asistenciais, priorizándose os controis de saúde, sobre todo daqueles que coinciden con vacinacións do calendario, comezando pola vacinación infantil. Na situación actual, e de acordo cos plan de reactivación do Servizo Galego de Saúde, restablecénsese **a partir do 25 de maio**, as seguintes actividades de vacinación ordenadas por prioridade:

1. Continuar coas vacinacións consideradas PRIORITARIAS (especialmente a primovacinação dos 2 e 4 meses de idade, a 1ª dose de triple vírica aos 12 meses, a vacinación das embarazada e os grupos de especial risco).





Revisar o estado de vacinación desta poboación que debería ter recibida algunha dose durante estes meses, recuperando esas vacinas prioritarias e realizando a captación activa desas persoas que non as recibiron en tempo.

2. Restablecer o resto das vacinacións sistemáticas incluídas no calendario, recuperando progresivamente aquelas non realizadas no estado de alarma.
3. Restablecer a captación dos adolescentes para a vacinación fronte a enfermidade meningocócica invasiva por serogrupos ACWY, iniciada en decembro de 2019, de acordo coa estratexia establecida.

A reactivación será progresiva, adaptándose á capacidade asistencial de cada centro e á situación epidemiolóxica fronte ao COVID, que pode condicionar unha interrupción da reactivación ou mesmo un retroceso, lembrando tamén nesta situación de recuperación a altísima prioridade das vacinacións recomendadas no calendario oficial de vacinación sobre outras vacinacións.

Aproveitarase calquera consulta de saúde ou de enfermidade para valorar o estado vacinal da persoa por se ten algunha vacina pendente, que se lle administrará en canto sexa posible, poñendo ao día o seu estado inmunitario.

As vacinas administraranse mantendo as medidas de seguridade e de control da infección fronte ao coronavirus. Sempre respectando as indicacións do documento de reactivación en canto as condicións de hixiene, circuitos diferenciados e organización asistencial. Para asegurarse de cumprir coas medidas de seguridade oportunas, **as persoas contactarán telefonicamente cos centros de saúde ou de vacinación para solicitar unha cita previa.**

En canto aos centros de vacinación internacional retomarán a súa actividade na medida que a recuperación da súa axenda o permita, tendo en conta que os servizos de medicina preventiva priorizarán a vacinación dos pacientes de grupos de maior risco que quedaran pendentes durante o estado de alarma.





## **Vacunación de persoas que tiveran infección polo COVID 19 e os seus contactos estreitos:**

- Non se coñecen contraindicacións médicas para vacinación de persoas que superaran a COVID-19, e en principio non sería necesario esperar un tempo determinado. Sen embargo, para minimizar o risco de transmisión, recoméndase pospoñer a vacinación ata 14 días despois da resolución dos síntomas
- Os contactos estreitos dun caso confirmado poderán vacinarse unha vez superado o período de corentena sen desenvolver síntomas.
- Non deberán demorarse as vacinas que teñan un prazo curto e definido para a súa administración (como a vacinación fronte á tose ferina nas embarazadas na semana 27-28)), xa que pode perderse a oportunidade de vacinar en tempo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O director xeral de Saúde Pública

Andrés Paz-Ares Rodríguez

